

Nunca te esqueceréi

Nuria Lourido Romar




Chámome Garrida e teño vinte e dous meses de idade. Sonche unha vaca frisoa, frisoa no tocante aos meus xenes, pero galega de corazón, da Galicia profunda, coma seica lle chaman algúns agora. Crieime na granxa do señor Roxelio e da señora Rosa e vivín unha infancia moi, moi feliz. Poderíase dicir que eles foron os meus pais: déronme o biberón de pequena, coidáronme cando estiven enferma e ata xogaron comigo centos de tardes. O enredo que máis me agradaba era arremedar a cabra Lola: timidamente, daba uns pasiños cara atrás, baixaba a cabeza, botaba a correr e simulaba que lles trucaba. Eu poñíalle moito empeño, abofé, malia que aínda non tiña corniños. Nunha ocasión, tiña tantas ganas de brincar que lle dei un forte empuxón ao velliño Roxelio e, como non contaba con semellante arremetida, caeu de cu, patas arriba, pero non se enfadou nin me castigou. Simplemente dixo entre dentes: "raio de cucha!" e botouse a rir. Estivo tres días co traseiro mazado. Pobre patronciño! Recordo, así mesmo, a primeira vez que me levaron ao prado. Tan pronto cheguei, metín o focio nun burato e un grilo rebuldeiro fíxome cóxegas no nariz. Non sei cantas veces esbirrei! Despois, unha toupa atrevida tamén se quixo unir á festa, pero chanteille os dentes no lombo e marchou laiando para a súa galería. Miña pobre! Non tiña intención de facerlle tanto dano, pero non controlei a forza e vaia... cousas que pasan. O meu querido velliño, que estaba observando a escena, recriminoume, moi serio, a acción. Deixoume ben clariño que o feito de que fose máis voluminosa non me daba dereito a abusar de ningún outro ser vivo, pois todos tiñamos o noso lugar e función no mundo e debiamos respectarnos os uns aos outros. A modo de castigo, obrigoume a pedirlle, de xeonllos, perdón á peluda vítima e a darlle unhas masaxes coa miña rugosa lingua durante un mes enteiro. Aprendín a lección para sempre. Tamén foi inesquecible o primeiro día que me deixaron durmir no medio das vacas grandes. Que emoción! Por fin me estaba facendo maior! Xa podía comer penso e estar ao tanto de todas as rexoubas que se comentaban na vila. En fin..., cantas lembranzas! E, deste xeito, aventura tras aventura, foron transcorrendo a miña infancia e adolescencia, sen grandes preocupacións nin sobresaltos.

Co tempo, convertínme nunha vaca adulta, de moi bo ver, e isto propiciou que, hai uns meses, vivise a experiencia máis emocionante e inesquecible da miña vida: unha mañá, o querido Roxelio achegouse á miña cama, petoume suavemente na cabeza e díxome: "Veña, Garrida, levántate, que van vir uns amigos poñerte guapa". Ao principio non sabía a que se refería, pero en seguídiña me informaron as vacas máis veteranas, todas envexosas, do que me ía acontecer: acababa de ser elixida para acudir á poxa de vacas frisoas da vila, onde só aceptaban os mellores exemplares da contorna. Un calafrío subíame pola punta dos pezuños. Presentía que algo tráxico ía acontecer

Como xa me adiantara Roxelio, presentáronse na granxa uns señores ataviados con fundas azuis e botas de goma cor caqui. Sacáronme con amabilidade da corte, molláronme o corpiño con auga morna, enxaboáronme cun produto dos bos e fregáronme cuns cepillos ben suaves. Quedei limpiña coma un coral. Despois, cortáronme o pelo e peiteáronme cara arriba, para que parecese máis gordiña. Mesmo empregaron secadores, coma nos salóns de peiteado! Que fachendosa me sentía! Deixáronme coma unha Venus. O touro da granxa non me quitaba o ollo de enriba. A continuación, viñéronme buscar nun camiión enorme e trasladáronme á famosa poxa.





Eu nunca vira máis mundo que a granxa e os prados, e aquel recinto pareceume espectacular. Tan pronto como baixei do vehículo, algo mareada, por certo, xa me acomodaron nun cuarto cunha cama moi ben feita, de palla de trigo de primeira calidade. Á media hora, deleitáronme cun exquisito manxar: combinación de finísimo silo de millo, herba e penso sobre farturento e elegante balde de lustrosa goma negra, regado con auga mineralizada do manancial da costa. Vaia delicatessen! Uns intres despois, un mozo aproximouse ao meu cubículo e colocou, no panel máis visible, un letreiro cuns símbolos estampados. Como eu aínda estaba aprendendo a ler, non puider descifrar todo o seu significado, pero o que si tiña claro era que se trataba do meu nome e duns números. Pouco a pouco, o local foise acugulando de xente e moita dela paraba en fronte de min para ollarme de preto. Debo confesar que foi o momento máis embarazoso da miña vida, porque non paraban de mirarme para o ubre e emitir comentarios inintelixibles sobre non sei que da miña capacidade reprodutiva. Daquela eu só coñecía o conto da cegoña e non os comprendía, polo que asumín que se debía a que o falar da vila era diferente ao da aldea...Que inocente!

Pola tarde tocoume desfilar. As bancadas estaban cheas de público e a min tremíanme as pernas coa emoción e os nervios, pero, aínda así, guiada por un atento operario, fun quen de dar unhas cantas voltas ao redor do local, coma se fose unha modelo experimentada. Metinlle uns meneos á cadeira que nin Marilyn Monroe! Igual foi a miña idea, pero ata me pareceu escoitar asubíos, algo así como "jiuu, jiuu". Ao pouco tempo, comecei a escoitar berros alusivos a importantes cantidades de diñeiro. Eu non entendía nada. Ata aquel momento pensara que fora alí só para exhibirme, coma nun concurso de beleza, pero a realidade érase ben diferente: unha poxa significaba que ía cambiar de dono!!! Reprimín as ganas de chorar e fíxenme a forte, coma se non pasase nada. Porén, o señor Roxelio, que me coñecía ben, decatouse de que estaba triste e confundida, achegouse a min, abrazoume forte ao redor do pescozo e borboriñoume ao oído, coa voz entrecortada pola emoción: "Ala, Garrida. Xa non te podo coidar máis. Vou vello e estou moi delicado. Des que morreu Rosiña, murchei de todo e ti non mereces vivir cun defunto. Necesitas uns donos fortes, alegres e vigorosos, que saiban facer de ti unha vaca de proveito. Non penses que non te quero. Todo o contrario. Fágoo porque é o mellor para ti e ten por seguro que nunca te esqueceréi. Agora, sé boa e pórtate ben coa túa nova familia".

E iso é o que estou tentando facer. Agora vivo nunha granxa de Ramosende e trátanme de marabilla. Por veces, mesmo recibo agradables sorpresas, coma hai uns días, cando nos viñeron visitar unha chea de nenos dos colexios da zona. Eu tratei de caerlles ben e sorrinlles todo o tempo, pero non con sorrisos de mentira, deses para quedar ben, senón cos auténticos, de orella a orella. Cando ían marchar, un pequecho acaricioume o nariz, facéndome unhas cariñosas cóxegas. Así tamén me adoitaba acariciar o velliño Roxelio. Non hai noite que non me lembre del e bote unhas bagullíñas, pero non perdo a esperanza de que nos volvamos ver moi pronto. Aínda me gustaría tiralo patas arriba algunha vez máis, antes de que o perda para sempre.

